

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á influencia dos incrementos salariais na recuperación económica.

Exposición de motivos

Ao remate do 2014 o relato da recuperación económica non é tal para a maioría social traballadora, que segue a sufrir unha situación de deterioro das súas condicións materiais de vida con xornadas laborais máis longas, percibindo menores salarios e sufrindo unha intensificación da taxa de explotación, nunha pinza patronal-goberno que favorece a extracción de plusvalor absoluto e relativo.

A situación real de millóns menos persoas asalariadas, con salarios máis baixos, con cotizacións reducidas á Seguridade Social constitúe un primeiro atranco para facer real a recuperación da demanda e do consumo tendo en conta o peso dos salarios na demanda agregada.

O real, alén dos relatos sobre a recuperación editados co gallo do ciclo electoral, é o progresivo deterioro das condicións de traballo, ao reducirse os empregos a tempo completo que se substitúen por empregos a tempo parcial, que alomenos no 70% dos casos é unha modalidade obrigada. De 1.031.600 persoas ocupadas a tempo completo no noso país no 3º trimestre do 2009 quedámonos con 850.000 persoas ao rematar 2014; no entanto as persoas ocupadas a tempo parcial creceron en número de 25.000. Diferentes contratos que abaratan as retribucións das persoas traballadoras, que se nun emprego a tempo completo cobran como media 16 euros por hora traballada, apenas reciben 10 nos contratos a tempo parcial. A serie de enquisas sobre retribucións salariais certifican esa deriva.

O aumento da produtividade nestes anos de recesión e crise, máis de 5 puntos porcentuais, a embolsou a burguesía dos banqueiros e grandes empresarios. Os seus superbeneicios se constrúen sobre a figura da persoa traballadora pobre, asalariados e falsos autónomos condenados a xornadas extenuantes por salarios apenas de subsistencia. O INE, cos datos do 2013, sinala que as remuneracións das persoas asalariadas caeron ate representar o 46,7% PIB a prezos de mercado nunha coincidencia causal co desembarco do PP no goberno estatal (no ano 2008, supoñían o 50,1% do PIB); pola contra as rendas de capital e excedentes empresariais representan o 43,7% (no 2008, o 41,7%).

A conclusión certa a debuxa o informe salarial da Organización Internacional do Traballo (OIT) ao apuntar a que a fenda entre a fracción da sociedade que detenta máis riqueza e a parte da clase traballadora máis pobre aumentou un 40-50%. O informe que comprende os anos 2014-15 sitúa a España, e por ende ao noso país, como o Estado do mundo onde maior foi o crecemento da desigualdade, para sermos xa o segundo Estado -tralos EE.UU.- nese rango da desigualdade.

Explotación, desigualdade e fraude conforman a tríada da violencia neoliberal sobre a maioría traballadora: cada semana se traballan no Estado 11,5 millóns de horas non declaradas, co conseguinte fraude á Seguridade Social por importe duns 3.000 millóns de euros, e déixanse de crear ao redor de 300.000 novos postos de traballo.

O golpe de Estado laboral do PP permitiu deixar inútiles preto de 6.000 convenios colectivos no que supón o maior ataque aos dereitos da clase traballadora dende a fin da ditadura franquista. O devandito informe da OIT deixa en claro a perda de poder adquisitivo inflixida ás clases traballadoras e populares do noso país nunha porcentaxe media do 17%.

Non pode haber recuperación económica para a maioría que non supoña un incremento real e sostido dos salarios. Esa é a saída social e democrática da crise na que nos afundiron banqueiros, grandes empresarios e outros neoliberais.

Deterioro das condicións laborais da maioría traballadora e inacción para modificar de maneira substancial o modelo de produción e consumo na nosa sociedade. Circunstancias ambas que lesionan pola base unha recuperación económica real, que para ser tal precisa xerar emprego estable e con dereitos a tempo completo, reverter e ampliar a cobertura social ao desemprego, fornecer os servizos públicos no canto de recortalos e achegar planificación económica e iniciativa pública para producir o cambio de modelo económico cara a sustentabilidade e a xustiza social.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a elaborar un estudo crítico do impacto dos salarios na recuperación económica galega e sobre a perda de creación de emprego pola fraude empresarial nas condicións laborais pactadas.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a presentar un plan de actuacións no ámbito da súa competencia e en colaboración co goberno central para propiciar o incremento dos salarios reais da clase traballadora, nomeadamente a derogación das contrarreformas laborais impostas pola troika aos gobernos Zapatero e Rajoy.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a a prevención e loita contra as diversas formas de sobreexplotación laboral, caso do fraude na contratación temporal, as horas extraordinarias non declaradas ou o auxe da figura do falso autónomo.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a que demande do goberno central a elaboración dun plan de reforzo do persoal da inspección de traballo e Seguridade Social para previr e combater os excesos de xornada e o uso fraudulento da contratación a tempo parcial, entre outras actuacións necesarias.

En Compostela, a 17 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/04/2015 13:13:20